



## **Concello de FRADES**

*Cimadevila, 10*

*15686 – FRADES (A Coruña)*

*Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579*

*e-mail: correo@frades.gal*

---

**Descrición decreto:** CAMBIO COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN APERTURA DOS SOBRES C DAS OBRAS DO POS + 2017 “CAMIÑO QUINTÁN A VILA (ABELLÁ) E OUTROS” E “CAMIÑO CASAL (VITRE) A PONTE RASELO (GAFOI) E OUTROS.

### **DONA M<sup>a</sup> ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE FRADES**

Logo de ver o Prego de Cláusulas Administrativas particulares das obras do POS + 2017 “CAMIÑO QUINTÁN A VILA (ABELLÁ) E OUTROS” E “CAMIÑO CASAL (VITRE) A PONTE RASELO (GAFOI) E OUTROS, en concreto a cláusula 15.1 que se refire á substitución dos compoñentes da Mesa nos termos seguintes:

“ (...) 15.1. Órgano encargado da negociación e Mesa de contratación:

A composición do órgano encargado da negociación (que será designado polo órgano de contratación) será a mesma que o da Mesa de Contratación permanente para os contratos competencia da XGL:

En canto á Mesa Contratación, na Xunta de Goberno Local de data 29.12.2016 ACORDOUSE:

“ (...) Primeiro: A creación dunha única Mesa de Contratación Permanente para os procedementos de contratación competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación da alcaldía.

Segundo: A composición da Mesa de Contratación Permanente para todos os procedementos de contratación sería a seguinte:

a) Membros:

Presidente/a: O alcalde- Presidente

Vogais:

A Secretaria-Interventora municipal

A Arquitecta municipal

O concelleiro que teña atribuída a área de Facenda.

Secretario/a:

A técnica de emprego local municipal (...)”

Engádese un cuarto vogal, Don Juan Carlos Prado Patiño.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686 – FRADES (A Coruña)  
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579  
e-mail: correo@frades.gal

**Previsese que, no caso de ausencia, baixa ou enfermidade, os membros da Mesa poderán ser substituídos, por resolución da Alcaldía que así o acorde, que deberá ser obxecto de publicación no perfil.(...)”**

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local avocando as competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local por Decreto de data 5 de outubro de 2015 (BOP nº 211, de 4-11-2015),

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear a Dona Nieves Mandayo Vázquez como substituta das Mesas de contratación que se celebran a partires da data desta resolución en substitución da vogal e arquitecta técnica do Concello Dona Mónica García Soage que se atopa de baixa por IT.

**SEGUNDO.-** Publicar esta Resolución no Perfil do Contratante.

**TERCEIRO.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que celebre.

O manda e asina a Alcaldesa- Presidenta M<sup>a</sup> ángeles Álvarez Carro, en Frades, a 28 de agosto de 2017 do que eu Carmen Gómez Otero, como Secretaria asino aos únicos efectos de dar fe.

